



## GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID CURSO 2020-21 CEIP RAQUEL CAMACHO

- Todos os anos o inicio de curso supón un cambio, e este ano máis que nunca nos enfrentamos a un curso cheo de cambios aos que nos temos que acostumar e afrontar CON SENTIDIÑO entre todos e todas. Esperamos contar en todo momento coa súa valiosa colaboración para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir os seus fillas/os. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que seus fillos teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.
- No verán estivemos traballando no protocolo **para garantir a seguridade dos seus fillos**, pero non sabemos como vai evolucionar a pandemia polo que pedimos especial atención ás comunicacións que lles iremos enviando a través dos vehículos oficiais dos que dispoñemos.
- **A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais** de información e é recomendable que estean pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela.
- **Ademais, vostedes recibirán avisos importantes e comunicacións a través de ABALAR-MÓBIL, polo que é conveniente que o teñan instalado TODAS AS FAMILIAS o día 10 de setembro.** Existen videos tutoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/noticia/publicados-nuevos-videotutoriais-para-docentes-y-familias-uso-de-agueiro-comunidades>
- **Na páxina web poderán atopar un protocolo máis amplo que realizamos para o centro e que está colgado na mesma, así como o Programa de Acollida e Plan de Continxencia.**
- **A Dirección e o persoal do centro** estará á súa disposición, **durante todo o curso escolar en horario lectivo**, para resolver ou aclarar as súas dúbidas, para o que terán os teléfonos do centro e a dirección de correo electrónico habilitadas.

**TELÉFONO DO CENTRO: 981 257154**

**CORREO ELECTRÓNICO: ceip.raquel.camacho@edu.xunta.gal**

**O Equipo Directivo está formado por:**

**Directora e e Coordinadora COVID: Rosa M<sup>a</sup> Mosteiro Neira**

**Xefa de Estudos: M<sup>a</sup> de los Ángeles Roca Lodeiro**

**Secretaria: M<sup>a</sup> del Carmen Ouro Souza.**

- Ademais, haberá un **Equipo COVID co que terán que contactar para calquera incidencia coa COVID** e que estará formado por:

**COORDINADORA COVID: Rosa M<sup>a</sup> Mosteiro Neira.**

**PROFESORES COLABORADORES COVID: Ángeles Naya Lorenzo e M<sup>a</sup> del Carmen Ouro Souza.**



## **Teléfono de urgencia para comunicacións de incidencias relacionadas coa COVID: 604 004808**

- **Todo o profesorado**, durante as primeiras semanas de curso, traballará co alumnado as normas de hixiene e os cambios introducidos na dinámica do Centro debido á adaptación ao Contexto COVID.
- **Poñerose en** funcionamento a aula virtual do centro desde Educación Infantil ata 4º de educación primaria. En 5º e 6º de Educación primaria seguirán traballando coa Plataforma E-dixgal.
- **Todo o persoal do centro** usará máscara, e o alumnado a partir de 6 anos tamén terá que usala obrigatoriamente. En educación Infantil, o uso da máscara non é obrigatoria, pero desde o Centro recomendamos o seu uso sempre que exista boa tolerancia.
- Unha limpadora pola mañá e dúas pola tarde ocuparanse das tarefas de limpeza e desinfección.
- **Durante este curso as familias non poderán entrar no centro nin permanecer nel.** Se teñen que recoller o seu fillo/a deberán avisar con antelación mediante unha chamada telefónica ao centro. As titorías faranse preferentemente de xeito telefónico, telemático ou por calquera outro medio que concerten co titor.
- **É recomendable que lean estas instrucións con atención e as garden nun lugar visible, porque rexirán mentras dure a pandemia e as autoridades sanitarias nolo indiquen.**

### **COMEZO DE CURSO:**

- Tal e como indican as instrucións o día 1 de setembro publicadas pola Consellería de educación o alumnado de Educación Infantil e primaria incorporarse ao Centro de xeito gradual:

**Día 10 de setembro:** alumnado de 4º e 5º de Ed. Infantil, 1, 2º e 3º de educación Primaria

**Día 11 de setembro** incorpórase o alumnado de 6º de Ed. Infantil, 4º, 5º e 6º de Educ. Primaria.

### **1. ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:**

- **Para a detección precoz da enfermidade no alumnado**, deberán realizar, antes da chegada ao centro, unha auto avaliación dos síntomas (Anexo 1) a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Se vostede contesta afirmativo a algunha das preguntas deste test deberá, inmediatamente, chamar ao seu centro de saúde de referencia e avisar a un dos coordinadores COVID do centro escolar chamando ao teléfono do centro.
- **A canle de comunicación** para dar a coñecer ao equipo COVID (Véxase membros do Equipo COVID) os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e



profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias será o **teléfono do centro / Equipo COVID-19**.

- **No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa**, o alumno/a non acudirá ao centro e el ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. Para a xustificación da ausencia, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos pais ou titores legais.
- **Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo**, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no á maior brevidade posible. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Está habilitado no centro un espazo específico e uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.
- **Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas ou o persoal do centro que convivan con elas **NON PODERÁN ACUDIR AO CENTRO** ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.** A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á **COORDINADORA COVID** do centro.

### ANEXO I

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>S</i> <i>I</i>	<i>N</i> <i>O</i> <i>N</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		



Ten actualmente algún destes síntomas? Sinalar cales e cando comezaron?		S I	N O N
Tivo <i>CONTACTO</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
<i>CONVIVIU</i> nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

### 1. CHEGADAS E SAÍDAS DO CENTRO:

Os horarios de entrada e saída de cada curso así como as portas polas que o farán son as seguintes:

- **4º DE EDUCACIÓN INFANTIL. PERÍODO DE ADAPTACIÓN:**

Ata o día **30 de setembro** farán o seguinte horario:

Días	Grupos	Horario
10, 11, 14, 15, 16, 17, 18 de setembro	Grupo 1	9:30-11:00
	Grupo 2	11:20-12:40
21, 22, 23, 24 e 25 de setembro	Grupos 1 e 2	10:30-13:30
28, 29 e 30 de setembro	Grupos 1 e 2	9:30-13:30
1 de outubro en diante	Grupos 1 e 2	9:00-13:45

Ata o día 30 de setembro as familias **entrarán e saíran polo portal de conserxería** e acompañarán ao alumnado ata a porta da aula. **Só un acompañante por alumno/a.**

- **ALUMNADE DE 5º E 6º DE DE EDUCACIÓN INFANTIL ( E ALUMNADO DE 4º DE E.I. A PARTIR DO DÍA 30 DE SETEMBRO)**



**Entrada: De 9:00 a 9:15 horas polo portalón do patio.** Poden ser acompañados ata a porta da aula por un único acompañante-

**Saída: Ás 13:45 horas polo portalón do patio.** Poden ser recollidos na porta da aula por un único acompañante.

- **1º DE ED. PRIMARIA:**

**Entrada: Ás 9: 00 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

**Saída: Ás 14:00 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

- **2º DE ED. PRIMARIA.**

**Entrada: Ás 8:50 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

**Saída: Ás 13: 55 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

- **3º DE ED. PRIMARIA**

**Entrada: Ás 8:50 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

**Saída: Ás 13:50 horas polo portalón do aparcadoiro,** ao lado da escola infantil. **Non poden acceder as familias ao recinto escolar.**

- **4º DE ED. PRIMARIA**

**Entrada: Ás 9: 00 horas polo portalón do patio.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

**Saída: Ás 14:00 horas polo portalón do patio.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

- **5º DE ED. PRIMARIA:**

**Entrada: Ás 8:55 horas polo portalón do patio.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

**Saída: Ás 13:55 horas polo portal de conserxería.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

- **6º DE ED. PRIMARIA**

**Entrada: Ás 8:50 horas polo portalón do patio.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

**Saída: Ás 13:50 horas polo portal de conserxería.** Non poden acceder as familias ao recinto escolar.

**As zonas e quendas de entrada e saída poden sufrir variacións ao longo do curso, en función da organización interna. Nese caso serán debidamente informados.**

**HORARIO DE ADMINISTRACIÓN: Luns de 9:30 a 13:30 horas e de 16:30 a 18:30  
De martes a venres de 9:30 a 13:30 horas.**



### 3. MEDIDAS DE HIXIENE E SEGURIDADE PARA O ALUMNADO:

- **Todo o alumnado do centro** deberá vir provisto de máscara, máscara de reposto, estoxo ou bolsa para gardar a máscara cando non se use (merenda e comedor) e un xel hidroalcohólico no seu estoxo.
- **É obrigatorio o uso da máscara para todo o alumnado e persoal que acceda ao Centro educativo e durante a estancia no centro educativo, agás para alumnado de Educación Infantil, aínda que recomendamos o seu uso sempre que haxa boa tolerancia.**
- **Durante as dúas primeiras semanas de curso**, o profesorado/titores, explicarán aos seus fillos/as as medidas de hixiene xerais
- **En todos os espazos do centro** o alumnado disporá de xel hidroalcohólico, xabón, papel e papeleiras axeitadas á normativa.
- Cada alumno debe **traer a súa propia botella de auga** debidamente identificada. **Non se permitirá en ningún caso se permitirá encher as botellas no baño.**
- Non estará permitido o intercambio de material entre o alumnado.
- Para garantir a seguridade non haberá durante este curso, eventos que supoñan a agrupación do alumnado como o magosto, entroido, ...a non ser que mellore a situación, nin actividades complementarias ou viaxes. Aínda así poderá haber excepcións, moi puntuais e autorizadas, se se pode garantir a distancia de seguridade con alumnado dun mesmo grupo estable. Tamén se poderán realizar sempre que sexan de forma telemática.
- **As familias deberán facer un traballo de concienciación** cos seus fillos/as acerca destas medidas para facilitar o traballo de todo o persoal do centro durante este curso escolar.

### 4. CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS QUE IMPIDAN USO CONTINUADO DE MASCARILLAS:

**Se existise algunha circunstancia especial** que impida que seu fillo/a teña posta a mascarilla durante o tempo recomendado, deberá comunicalo inmediatamente ao titor/a; esa comunicación virá acompañada do correspondente certificado médico e **cunha xustificación exhaustiva dese feito, onde conste que non pode facer uso da máscara.**

### 5. FAMILIAS NO CENTRO E TITORÍAS:

**IMPORTANTE:** Mentras dure a pandemia, **non se permitirá a permanencia no centro das familias**, as titorías serán concertadas da seguinte forma:

- 5.1. A familia concertará unha cita preferentemente a través de Abalarmóbil ou do correo electrónico do centro:** ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es **senalando no asunto con que profesor queren solicitar a cita. Se a familia non tivera correo electrónico poderá chamar ao centro para solicitar a cita. O titor porase en contacto con vostedes á maior brevidade posible, e da forma que considere, durante un horario amplo que a**



**familia deberá comunicar no momento de solicitar a cita e que terá que ser dentro do horario lectivo.**

## **5.2. REUNIÓN CO ORIENTADOR DO CENTRO:**

-**Para as reunións co orientador**, as familias poderán solicitar cita chamando ao teléfono do centro ou no correo: [ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es](mailto:ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es). Cando se concrete a cita, acordarase tamén a modalidade na que se levará a cabo tendo en conta o tema a tratar e a dispoñibilidade e medios (telefónica, telemática ou presencial).

- No caso de que o Orientador decidira que estas foran presenciais, debido á especificidade ou complexidade das temáticas, o Departamento de Orientación conta cun espazo físico suficiente para manter a distancia recomendada polas autoridades sanitarias.

- **En ningún caso**, e tal e como recolle o protocolo publicado pola Consellería, será posible a atención presencial coincidindo cos horarios de entrada/saída nin cos recreos.

## **5.3. TRÁMITES NO CENTRO:**

-Para a realización de **trámites** no centro (certificados, etc...) dispoñemos dun horario limitado que non pode coincidir coas entradas e saídas do alumnado, polo que é recomendable que soliciten o que precisen ou pidan cita previa a través do teléfono do centro (981 257154) ou do correo electrónico ([ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es](mailto:ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es))

## **6. CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO:**

- O alumnado de 5º e 6º de Educación primaria seguirá a traballar coa plataforma E-dixgal. Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, poñeranse en funcionamento as aulas virtuais de 3º e 4º de Educación primaria. Mentras non se poñen en marcha o resto de aulas virtuais, os traballos enviaranse a través da páxina web ao igual que se fixo durante o confinamento no curso pasado.

- Tamén temos un rexistro das persoas que non teñen internet ou ordenador na casa, que se actualizará a principios deste curso. No caso dun novo confinamento, comunicariámonos con eles persoalmente vía telefónica para atopar unha solución.

- **En caso de haber un novo confinamento**, os seus fillos/as terán traballo, clases por videoconferencia...Todas as programacións estarán colgadas na Páxina Web do centro.

**PARA CALQUERA DÚBIDA, SUXERENCIA OU ACLARACIÓN PODEN ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO A:**

[ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es](mailto:ceip.raquel.camacho@edu.xunta.es)